



I Foro de debate da Cooperación Galega



I Foro de debate da Cooperación Galega

Conclusións

Os pasados días 13 e 14 de novembro de 2008 tivo lugar o I Foro de Debate da Cooperación Galega na Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela, onde máis de cen persoas vinculadas ao sector puideron intercambiar as súas opinións e visións sobre o pasado e futuro dos Obxectivos do I Plan Director da Cooperación Internacional para o desenvolvemento feita dende Galicia.

O Foro de Debate, supoñía o punto final do Programa de Formación e Fortalecemento 2008 “Coopera, Xúntate” impulsado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia e a Obra Social Caixa Galicia co obxectivo de proporcionar un conxunto de instrumentos técnicos e de reflexión a quen facilitan a Cooperación Internacional en Galicia apoiando así a mellora da súa calidade. Varias conferencias e diversos cursos técnicos de cooperación, sensibilización e fortalecemento foron outras actuacións enmarcadas no mesmo Programa.

Neste documento recóllense as conclusións propostas polas mesas de traballo organizadas no Foro de Debate, que foron presentadas en sesión plenaria por os/as consultores/as que dinamizaron os grupos de debate; Virgina Romero, consultora experta en Cooperación Internacional; Alex Gómez Soler, director- xerente da Fundación Autismo Galicia; Luis Pemán e Enrique Castro, consultores socios de AIDSocial.

Así mesmo, ao cabo do documento inclúense as suxestións e achegas que, a título individual, xurdiron durante a quenda de palabra que seguiu á presentación das conclusións.

O.X. 1

Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para súa superación e de educación para o desenvolvemento

1.1 Fomentar a educación para o desenvolvemento normalizada e estable

- Revisar a concepción da *Educación para o Desenvolvemento* porque se considera moi tradicional (sensibilización vs educación para o desenvolvemento)
- Aliñar concepto coas liñas actuais tanto a nivel europeo coma estatal fomentando a innovación educativa
- Impulsar avaliación externa dos proxectos de Educación para o Desenvolvemento
- Aproveitar os produtos da avaliación como aprendizaxe
- Adaptar (polo tanto) as convocatorias a nova concepción e as novas liñas

I Foro de debate da Cooperación Galega

- Posibilidade de convenios específicos para Educación para o Desenvolvemento na que se incorpore a financiamento da avaliación da mesma
- Apostar por programas (tanto en sensibilización como en Educación para o Desenvolvemento)
- Fomentar a creación dunha axenda común de Educación para o Desenvolvemento

1.2 Fomentar redes de intercambio de experiencias de solidariedade

1.6 Implementar encontros de deseño e avaliación entre os axentes implicados nas accións de sensibilización

- Crear canles de comunicación efectivas (especialmente Outros Axentes)
- Potenciar os programas para traballar en rede sobre Educación para o Desenvolvemento

1.3 Normalizar a avaliación e seguimento do impacto das accións de comunicación realizadas

1.4 Identificar as pautas de comunicación que sustentarán as accións de sensibilización

1.5 Fomentar as accións de comunicación e sensibilización a través de Internet

- Apoiar o deseño de Plans de Comunicación nas entidades:
 - Establecer nexos activos cos medios
 - Fomentar foros cos medios para maior sensibilización dos mesmos
- Incluir nas convocatorias capítulo específico para comunicación

O.X. 2

Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de Cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto.

2.1 Fortalecemento técnico e humano da unidade responsable da política de axuda.

- Consolidación da estrutura técnica de DXCE, incrementando o orzamento
- Búsqueda dun maior apoio político das tres forzas con representación no Parlamento de Galicia
- Creación, consensuada, da Axencia Galega de Cooperación, cun contido e unha dotación orzamentaria específica
- Integrar a experiencia do Sur no Norte, mediante intercambios de persoal

I Foro de debate da Cooperación Galega

2.2. Fortalecemento da capacidade directiva e de coordinación da DXCE no fomento do traballo conxunto entre as consellerías e departamentos da Xunta de Galicia, conseguindo unha maior eficiencia das actuacións.

- Aposta política pola Cooperación Internacional, con vontade de colaboración entre as diversas institucións gobernamentais
- Recoñecemento no Estatuto de Galicia da competencia da Xunta en materia de Cooperación Internacional
- Fomentar a intervención en materia de Cooperación Internacional dos diversos departamentos da Xunta de Galicia respectando o Plan Director e a competencia de coordinación da DXCE
- Definir un criterio común do que é Cooperación Internacional con “marchamo” de Cooperación Galega, creando unha cooperación de país.

2.3 Pulo das iniciativas de consolidación e fortalecemento a ONGD.

- Reformular a convocatoria de fortalecemento, primando ás entidades que teñen presenza significativa, medible e contrastable, en Galicia
- Engadir outros tipos de gastos financiáveis
- Retomar a proposta de mellora fiscal por doazón de empresas e particulares
- Incremento do tempo da duración das axudas de fortalecemento (3 ou 4 anos)
- Titorización / acompañamento (*coaching*) das entidades

2.4. Fortalecer a Coordinadora Galega de ONGD's.

- Promover e apoiar a reflexión interna das entidades que a forman, en relación ao seu sentido, a súa misión e as súas funcións

2.5 Fomentar as iniciativas conxuntas coa cooperación local e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

- Fomentar mecanismos de comunicación entre institucións locais, provinciais e autonómicas
- Aproveitar as redes e sinerxias dos Entes Locais para achegarse á sociedade civil galega

I Foro de debate da Cooperación Galega

2.6. Fomentar a integración entre as accións das universidades galegas e as realizadas polo resto de axentes e pola DXCE.

- Incorporar contidos sociais transversais nas titulacións universitarias
- Aproveitar os estudos e recursos xerados polas universidades galegas, mediante a creación dun Centro virtual de Recursos Documentais
- Definir unha estratexia de cooperación polas universidades galegas
- Creación dunha convocatoria específica para universidades (investigación, formación, intercambio universitario)
- Fomentar a visualización da Cooperación Internacional nas universidades

2.7 Promocionar espazos de encontro entre actores que impliquen o fortalecemento do sector.

- Propor novas metodoloxías de traballo en rede, a través da utilización das novas tecnoloxías: internet, listas de correo, blogs, wikis...
- Fomentar o esforzo dos diferentes axentes para mellorar a comunicación
- Asegurar o papel da Coordinadora como espazo común de reflexión, debate e interlocución de todas as ONGD's

2.8. Potenciar a colaboración e o traballo conxunto entre os actores en todos os medios de axuda.

- Establecer mecanismos para mellorar o coñecemento entre os distintos axentes

**2.9. Elaborar un Informe Cero e unha memoria anual sobre a
Cooperación Galega para o Desenvolvemento.**

- Actualizar o Informe Cero das ONGD's, cunha maior participación das mesmas

O.X. 3

Mellora da calidade técnica e operativa do sector

3.1. Desenvolver un Plan Anual de avaliacións externas da axuda.

- Existencia Plan anual de avaliación con criterios coñecidos e consensuados entre todos axentes de cooperación onde se maticen zonas xeográficas e sectores
- Fomentar a transparencia dando publicidade dos contidos e resultados de avaliación, con autorización das organizacións
- Ter un enfoque construtivo e positivo co fin de establecer boas prácticas
- Facer formación específica en cuestións como as avaliacións
- Encontro de avaliadores coas entidades para transferencia de información e aprendizaxe

3.2. Organización de encontros de avaliación dos proxectos por país e/ou sector de actuación.

- Adicar un orzamento concreto para a realización deste tipo de experiencias
- Publicar e difundir os aprendizaxes dos encontros e compartilos coa poboación implicada
- Fomentar a calendarización e planificación de encontros por países ou sectores
- Fomentar xuntanzas coas organizacións que traballan nunha área determinada (xeográfica e temática) para fomentar o intercambio
- Equipo específico en DXCE para cada unha das fases do ciclo do proxecto
- Incluír seguimento das sedes galegas como parte de avaliación continua

3.3. Potenciar cursos e formación integral para mellorar a capacidade operativa e técnica dos actores da cooperación galega.

- Identificar as necesidades de formación dos distintos axentes de cooperación, e sectores de intervención. (“Dúas velocidades”)
- Formación cun carácter mais práctico. Seguimento desta aplicación práctica no terreo
- Plan de formación anual con calendario único para todos os axentes
- Aproveitar as experiencias e especialidades do diferentes axentes para establecer sinerxias formativas
- Núcleo duro de formación básico de carácter cíclica

3.4. Reforzar a investigación das causas do subdesenvolvemento, os novos xeitos de cooperación e o aumento da calidade e da experiencia compartida da cooperación galega.

- Facer una convocatoria específica de investigación para todos axentes, e difundir os produtos da mesma
- Delimitar o papel de cada actor con convocatorias propias dentro do ciclo de proxecto

3.5. Utilizar as accións de avaliación e mellora técnica como ferramenta para favorecer o tecido galego de cooperación.

- Favorecer iniciativas de intercambio de boas prácticas
- Fomentar accións formativas conxuntas de avaliación con casos prácticos reais

3.6. Incrementar as bolsas de formación nas OTC en organismos de cooperación e financiar a contratación de cooperantes especializados.

- Abrir as prácticas de bolseiros/as tamén as ONGD
- Definir mellor as funcións e responsabilidades dos bolseiros/as
- Progresar na profesionalización de bolseiros e bolseiras

3.7. Facilitar a participación de funcionarias e funcionarios da Administración pública galega en iniciativas de Cooperación ao Desenvolvemento.

- Desenvolvemento regulamentario da normativa que contempla esta figura (incluir o tempo traballado fóra como válido para promocións)
- Definición das entidades que poden recibir esta figura

O.X. 4

Ampliación e ordenación dos medios da Cooperación Galega

4.1 e 4.2 Ampliación e ordenación dos medios da Cooperación Galega e Potenciación das liñas de financiamento a ONGD e outros axentes de cooperación

Temas Xerais:

- Publicación das Convocatorias a primeiros de ano
- Proactividade e propostas activas e construtivas nas achegas
- Revisar grao de esixencias de avaliación das propostas
- Coordinación coa Cooperación descentralizada (a todos os niveis)
- Realización dun proceso de Cualificación das Entidades (previo)
- Potenciar o enfoque de xénero nas convocatorias

Convocatoria de Sensibilización:

- Asociar partida de persoal a proxectos con impacto
- Establecer 2 convocatorias: Sensi + Educación para o Desenvolvemento.

I Foro de debate da Cooperación Galega

Convocatoria de Programas:

- Reformulación do procedemento e da convocatoria (Previa: Avaliación Ent;
- Esbozo do Prog; Proposta definitiva Programa).”Concept Paper”
- Aliñamento coa AECID e UE
- Axustar as cargas orzamentarias (Flexibilidade nos Capítulos IV e VII)
- Dar prioridade aos informes de seguimento para poder librar os fondos a maior brevidade
- Previa xustificación, realización de modificacións orzamentarias
- Convocatoria de programas educación para o desenvolvemento

Convocatoria de Proxectos:

- Engadir gastos de sensibilización como custe directo

4.3 e 4.4 Fomentar a normalización de procedementos e formularios de solicitudes de subvencións/ Optimización do recurso dos convenios

- Harmonización dos criterios das convocatorias (a todos os niveis do Estado)
- Avanzar na transparencia na difusión de convenios para crear sinerxias entre actores
- Garantir que os convenios asinados cumpran os requisitos do Plan Director e da Declaración de París
- Mellorar as guías de cobertura dos formularios, contando coa proactividade dos actores
- Adaptar os formularios ás súas respectivas convocatorias

4.5 e 4.6 Fortalecemento da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia

- Elaborar un Plan Estratéxico da Acción Humanitaria Galega
- Fortalecer a Fundación AHG
- Abrir un espazo común de traballo e encontro
- Definición da Acción Humanitaria Galega

APORTACIÓNS INDIVIDUAIS NA QUENDA DE PALABRA:

- Incluir o enfoque medioambiental de maneira transversal nos contidos.
- Ampliar aos proxectos algunhas das suxestións feitas para os Programas no obxectivo 4.
- Ter en conta que varias das propostas recollidas nas conclusións xa están desenvolvéndose na Cooperación Galega e que deben axustarse aos procedementos actuais.
- O apoio político a lograr no obxectivo de fortalecemento da Unidade responsable da política da axuda, debe ser tamén apoio social.
- Que a nova convocatoria de sensibilización proposta inclúa tamén partidas para persoal e medios, etc.
- Fomentar a utilización e difusión dos software informáticos “libres” como ferramentas alternativas das novas tecnoloxías.
- Para a profesionalización de os/as bolseiros comentada no obxectivo 4, pode tomarse como referencia o proceso feito no últimos anos polos bolseiros e bolseiras das universidades.



I Foro de debate da Cooperación Galega